

INFORME DE NECESIDADE DO CONTRATO

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: Consello de Administración de SPI Galicia

EXPEDIENTE: SERC230101- Seguro de Responsabilidade Civil SPI-Galicia

OBXECTO CONTRACTUAL: Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil de SPI-Galicia, SA.

TIPO DE CONTRATO: Contrato de servizos en dereito de réxime privado non Suxeito a Regulación Harmonizada

1. CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O presente informe emítase co obxecto de xustificar a necesidade e a idoneidade da contratación de referencia, ao abeiro do disposto nos artigos 28 e 116 da Lei de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) e as disposicións que o desenvolven.

O contrato a que nos referimos neste informe é un contrato de carácter privado conforme ao establecido no artigo 26.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP)

A preparación e adxudicación do contrato obxecto da presente licitación quedará suxeita ao previsto no Capítulo I do Título I do Libro II da LCSP, no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio de desenvolvemento da antiga LCSP (Lei 30/2007, do 30 de outubro) e no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en todo aquilo que non se opoña á actual LCSP e na medida en que estas normas sexan aplicables a esta sociedade.

2. OBXECTO DESTE CONTRATO

O obxecto deste contrato de seguros é o de garantir que o Asegurador garanta ao Asegurado (SPI-Galicia), mediante o aboamento da prima estipulada, ao pagamento das indemnizacións polas que poida resultar civilmente responsable conforme a

dereito, por danos corporais ou materiais e prexuízos ocasionados a terceiros, así como os custos e gastos xudiciais e extraxudiciais de acordo cos termos consignados na póliza que se formalice atendendo aos criterios establecidos no prego de prescricións técnicas.

3. INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia carece dos medios persoais e materiais suficientes e idóneos para ofrecer unha resposta exeitada ás necesidades que son obxecto do contrato que neste informe se propón.

4. RÉXIME ECONÓMICO DO CONTRATO

1 – VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 108.000 € (Impostos incluídos)

2 – ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 36.000 € Prezo da prima anual (Impostos incluídos)

A estimación dos anteditos importes ten en conta os prezos habituais de mercado para este tipo de prestacións.

5. PRAZO DE EXECUCIÓN

PRAZO: 12 meses

O contrato poderá prorrogarse anualmente por mutuo acordo das partes e por un máximo de **2 anos adicionais**.

A prórroga acordarase co órgano de contratación e será obrigatoria para o adxudicatario, salvo se existe preaviso de denuncia pola súa parte, por escrito con catro meses de antelación ó vencemento anual da póliza. En caso de oposición á prórroga pola organización contratante deberá denunciar cos dous meses de antelación ó vencemento á aseguradora.

No caso de que o seguro deba deixar de ter efecto e non se formalizase un novo, quedará prorrogado obrigatoriedade por un prazo máximo de ata tres meses, nas mesmas condicións de taxas e coberturas co abono ó asegurador da prima que proceda polo tempo que dure esta prórroga forzosa.

6. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

Esta contratación realízase polo trámite ordinario.

Para a adxudicación aplicarase o procedemento aberto, porque deste xeito ábrese a posibilidade de que calquera compañía aseguradora interesada poida presentar a súa oferta.

7. CRITERIOS DE SOLVENCIA DOS LICITADORES

Medios de acreditación da solvencia económica e financeira (Artigo 87 da LCSP)

Medios de acreditación: O volume anual de negocios do licitador creditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Medios de acreditación da solvencia técnica (Artigo 90 da LCSP)

Unha relación, selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados no últimos tres (3) anos que inclúa importe, datas e destinatario dos mesmos. Os citados servizos acreditaranse, necesaria e exclusivamente, segundo cal sexa o seu destinatario por:

- Certificación expedida ou visada polo órgano competente (é dicir, o órgano de contratación), nos casos en que o destinatario sexa unha entidade do sector público.
- Declaración responsable do licitador, nos casos en que o destinatario sexa un suxeito privado

O citado período de tres anos abarcase:

- Respecto do ano 2020 servizos finalizados desde o día equivalente ao seguinte da finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31 de decembro
- Os anos 2021 e 2022 completos.
- O período transcorrido do ano 2023, os servizos finalizados ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Os medios de acreditación da solvencia de empresarios non españois de estados membros da UE serán os mesmos que para os empresarios españois.

8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios de adxudicación son todos de carácter automático: oferta económica, redución das limitacións e exclusións, incremento nos límites de indemnización medidas relativas ás políticas empresariais en materia de conciliación, eliminación de franquía para danos personais e inclusión de bens en custodia.

1º. A oferta económica terá un valor de ata o 58% da puntuación máxima obtible

2º. Os demais criterios (tamén de carácter automático) 42% da puntuación máxima obtible.

9. MODIFICACIÓNS PREVISTAS

As contempladas no título I do libro segundo da LCSP e as previstas no prego de bases.

10. RÉXIME DE PENALIDADES. CONDICIÓNS DE CARÁCTER ESENCIAL

As establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Coordinadora de Áreas

Angela Bouzada Valverde